



RESOLUCIÓN DO 21 DE XUÑO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO DE CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO ESPECIALISTA BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE I+D-I DIRIXIDA A UN/UNHA ESPECIALISTA EN AVALIACIÓNS AGRONÓMICAS ENOLÓXICAS E SANITARIAS DO VIÑEDO DENTRO DO PROXECTO INTERREG-SUDOE (SOE3/P2/E0911): “SERVICIO DE VITICULTURA DE PRECISIÓN PARA PYMES BASADO EN RED DE SENSORES IoT (VINIoT)”, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

En sesión que tivo lugar o 21 de xuño do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso,

ACORDOU:

Primeiro.- Ter en conta a alegación presentada por Emiliano Trigo Córdoba (DNI 48883612X).

Segundo.- De conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu artigo 28 indica: “Excepcionalmente, si as Administracións Públicas non puideran recabar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa aportación”.

Terceiro.- Os documentos presentados no proceso selectivo ao que fai referencia o candidato na súa alegación, non se presentaron de forma dixitalizada, polo que non están accesibles para ter en conta no presente proceso.

Cuarto.- Polo que se concede, a Emiliano Trigo Córdoba, **un prazo de tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para presentar de novo a documentación cotexada. A presentación da documentación perante a Comisión de Selección, **de forma dixital** a través da **sede electrónica da Xunta de Galicia** (<https://sede.xunta.gal/portada>) mediante trámite de **solicitude xenérica** a través do **servicio PR004A- Presentación electrónica de solicitudes**, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico ni cun modelo electrónico normalizado, **diríxese a Consellería de Medio Rural e a unidade Axencia Galega de Calidade Alimentaria**. Indicarase no **obxecto do asunto**: Convocatoria Selectiva para a contratación dun/dunha técnico especialista baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+I dirixida a un especialista en avaliacións agronómicas, enolóxicas e sanitarias do viñedo dentro do proxecto INTERREG-SUDOE (SOE3/P2/E0911): “Servicio de viticultura de precisión para PYMES baseado en red de sensores IoT”.

O aspirante deberán **notificar no mesmo día o envío da documentación á Agacal ao seguinte correo electrónico: agacal@xunta.gal, facendo constar no asunto proceso selectivo VinIoT**

O prazo remata o vindeiro xoves 24 de xuño do 2021, inclusive.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro do 2021.

O presidente da Comisión de Selección.
Manuel López Luaces.

